



Concello de Guitiriz

DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE DE DOUS FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA ADMINISTRATIVOS/AS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (C1). Expte. 578/2021

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Decreto da alcaldía de data 21/07/2021 polo que se aproban as bases da convocatoria para a selección de dous funcionarios/as de carreira administrativos/as de Administración Xeral (C1) por oposición libre (OEP complementaria 2021)
- No BOP da provincia de Lugo de data 3/09/2021 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. Os anuncios da convocatoria publicáronse no DOG nº 202 de 20 de outubro de 2021 e no BOE de 12 de novembro de 2021.
- Decreto da alcaldía de data 26/04/2022 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos. Devandita lista foi publicada no BOP de Lugo de data 3/05/2022.
- Decreto da alcaldía de data 25/08/2022 aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos e nomease ao tribunal seleccionador publicado no BOP de Lugo de data 2/09/2022.
- Decreto da alcaldía de data 15/09/2022 aprobando a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición (exame teórico tipo test) publicado no BOP de Lugo de data 24/09/2022.
- Actas do tribunal de datas 13 e 30 de outubro de 2022; de 17, 18 e 24 de novembro de 2022; de 7, 20 e 30 de decembro de 2022 e de 16/01/2023 coa proposta definitiva do tribunal a Sra. Alcaldesa para que proceda a resolución do expediente de selección de persoal e os nomeamentos como persoal funcionario de carreira a:

Nome e apelidos	DNI
Marta Varela Ferreiro	33349732P
Sonia Dieguez Rodriguez	44655645H

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de dous administrativos/as como

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6QQW9YZM6ZNEST3YM9553TZEJ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Guitiriz

funcionarios/as de carreira mediante oposición libre, convocado por decreto da alcaldía de data 21/07/2021 e publicado no BOE de data 12/11/2021, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 16/01/2023:

Nome e apelidos	DNI
Marta Varela Ferreiro	33349732P
Sonia Dieguez Rodriguez	44655645H

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de vinte días naturais, contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a resolución do proceso selectivo pola Alcaldía, ás aspirantes seleccionadas para presentar na Secretaría do Concello os documentos esixidos na base novena da convocatoria.

Quen tivese a condición de funcionario/a público ou persoal laboral, estará exenta de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Se dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeada, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude de participación.

Presentada a documentación procederase a ditar resolución da alcaldía co nomeamento das dúas aspirantes, previo informe de fiscalización da intervención.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6QQW9Y2M6ZNEST3YM9553TZEJ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2